



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. n.º 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

### DECRETO DA CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

#### ANTECEDENTES DE FEITO

- 1) En data 10/09/2021 (RE 4066), o Concello das Pontes recibe notificación da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se lle concede subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego, denominado "EUME III", encamiñado á selección de 12 alumnos/as traballadores/as así como persoal directivo, docente e de apoio (número de expediente 15/0024/2021), promovido polos Concellos das Pontes, da Capela e das Somozas, ao abeiro do establecido na Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 22, do 03/02/2021).
- 2) A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditou a providencia de inicio do procedemento, de data 24/09/2021.
- 3) Elaborouse proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, asinadas o día 01/10/2021.
- 4) En data 01/10/2021 a técnica de administración xeral (TAX) encargada da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable con observacións.
- 5) Pola súa vez, a Intervención municipal evacuou o informe de fiscalización núm. 385/2021, do 4 de outubro, emitido con reparos sen efectos suspensivos.
- 6) Mediante o Decreto núm. 1649/2021, do 4 de outubro, apróbase a convocatoria e bases da selección do alumnado traballador para o "Obradoiro dual de emprego EUME III".
- 7) En data 04/10/2021, publícanse as bases reguladoras do procedemento selectivo no taboleiro de anuncios da oficina de emprego das Pontes de García Rodríguez, no taboleiro electrónico do Concello das Pontes e na páxina web municipal así como nos taboleiros de anuncios e páxinas web dos Concellos das Somozas e da Capela. Na mesma data, remítense á xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da provincia da Coruña.
- 8) O día 06/10/2021 recíbese no concello listado de preselección de candidatos/as remitida pola oficina de emprego das Pontes de García Rodríguez.
- 9) A través do Decreto núm. 1674/2021, do 06 de outubro, resolveuse iniciar a selección do alumnado-traballador, designáronse as persoas integrantes do órgano de selección e fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal.
- 10) O tribunal, logo de celebrar sesión o día 13/10/2021, acordou solicitar da oficina de emprego das Pontes de García Rodríguez unha nova lista de candidatos/as preseleccionados/as, ao non acadarse o número mínimo de persoal para ser seleccionado como alumnado-traballador (ben por non cumprir os requisitos mínimos esixidos nas bases da convocatoria ben por non presentar a documentación prevista no Anexo II no prazo establecido para o efecto).
- 11) En nova sesión, de data 14/10/2021, o órgano de selección elabora nova lista definitiva de



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. n.º 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

persoas admitidas ao proceso selectivo, que será complementaria da inicialmente aprobada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consonte a base núm. 6 das que rexen a convocatoria, o órgano de selección elaborará a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo. O dito listado será aprobado por resolución da concelleira-delegada e se publicará no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na súa páxina web, así como nas webs e taboleiros dos concellos das Somozas e da Capela. Na dita resolución comunicáraselles aos candidatos/as o prazo para presentar a documentación que se lles requira nas presentes bases.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

- 1) Aprobar nova lista definitiva -e complementaria da lista inicial- das persoas admitidas no proceso selectivo do alumnado traballador para o obradoiro de emprego “EUME III”, de acordo coa proposta efectuada polo tribunal de selección, de data 14/10/2021, que é a seguinte:

DNI	APELIDOS E NOME
***1703**	BALSEIRO GARCÍA, MARIA PILAR
***6160**	JARUNCHIK NAVEIRAS, NEHEMIAS
***2904**	SABÍN SANMARTIN, JOSEFINA
***7688**	SANMARTÍN SARDIÑA, JESÚS
***4108**	SOTO YAÑEZ, MARÍA JOSEFA

- 2) Concederlles aos aspirantes un prazo de **dous (2) días hábiles** -contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>)- para presentar a documentación para a súa baremación e que figura no Anexo II das bases da convocatoria. **As persoas que non presenten a documentación no prazo establecido, decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.**
- 3) Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. n.º 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños